

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de xullo de 2022
Duración	Desde as 21:07 ata as 22:16 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaría	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	NON
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	NON
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE XUÑO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de xuño de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 5901/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA PRIMEIRA MODIFICACIÓN DA R.P.T.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
 A favor: 11
 En contra: 0
 Abstencións: 8
 Ausentes: 0

Para explicar este asunto concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen di que, trala aprobación inicial da primeira modificación da Relación de Postos de Traballo e durante o período de exposición pública, presentáronse varias alegacións, as cales se resolven nesta proposta, procedendo, á súa vez, a subsanar erros materiais e aritméticos detectados por medio destas alegacións. En relación ao documento inicial, este non sofre grandes modificacións, lembrando que



estamos ante unha modificación tratada cos sindicatos e derivada dun compromiso adquirido cando se aprobou definitivamente a RPT.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen comeza lamentando que unha vez máis a RPT é tratada no Pleno, sinal de que a xestión non foi boa, sinalando que o grupo de goberno mentiu na Comisión Informativa previa cando dixo que a empresa era un despacho especialista en relacións de postos de traballo e nada máis lonxe da realidade, xa que súa especialidade radica en concursos de acredores de empresas privadas, polo que se pregunta o por que se contrata esta empresa con sede en Málaga cando temos tanto talento no noso país.

Di que considera que este asunto está suficientemente debatido, polo que non quere entrar moito no fondo, pero reitera que esta modificación deixa claro que o documento inicial, aprobado no seu día en solitario polo grupo de goberno, non serve para nada á vista das demandas do persoal traballador e que non se axusta ás súas necesidades. Ademais di que se está deixando con esta RPT a peor herdanza ao próximo goberno, porque estamos ante un cadro de persoal dividido, posibles centos de miles de euros en procesos xudiciais, cartos tirados ao lixo, enfrontamentos entre as forzas sindicais e entre traballadores, etc.

Quere resaltar que esta modificación resolve cuestións indecentes que contemplaba o primeiro documento en relación a determinados postos e, en particular, ás súas retribucións, aínda que é certo que se contemplan determinadas melloras para algúns postos, algo co que está de acordo, polo que anuncia que o seu voto será a abstención, ao igual que na aprobación inicial.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que estamos ante un tema moi debatido, ademais de que o proceso da RPT foi moi longo e conflitivo por carecer sempre de consenso, repercutindo economicamente no Concello e acadando un descontento xeral de todo o persoal traballador municipal; polo anterior pódese dicir que este documento ten a cualidade de poñer a todos en contra, pero as centrais sindicais entenden que é necesario tirar para adiante e proceder a posteriores melloras, xa que este documento é moi necesario para o funcionamento da nosa administración, sendo tales motivos a razón pola que o seu grupo se absterá na votación.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen di que ten pouco que engadir ao expresado polos anteriores voceiros, tan só dicir que entende que as negociacións nunca son fáciles e tampouco chegar a un acordo que contente ao cento por cen de todo o persoal traballador, sen embargo chegar ao extremos ao que se chegou neste Concello tamén é complicado, é dicir, que haxa tanta división de opinións entre o persoal é difícil, estando claro que o traballo non se fixo como se debería de haber feito, sinal diso é que estamos aquí debatendo unha modificación da RPT ao pouco de ser aprobada.

Continúa afirmando que estamos ante un documento necesario para o funcionamento da nosa administración e para que as condicións de traballo sexan as axeitadas, preocupándolle especialmente a situación salarial dos grupos máis desfavorecidos e que continúan estando esquecidos a nivel salarial e consideración social.

Polo manifestado di que ten moitas dúbida de como está actualmente a RPT e, polo tanto, van a absterse na votación co fin de agardar a evolución deste documento e como vai a afectar aos diferentes postos de traballo.



Intervén o **Sr. Alcalde** e presidente deste órgano para explicar que estamos ante unha proposta de aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo anteriormente aprobada en execución dunha sentenza xudicial e tras un procedemento moi longo e complexo, poñendo en valor o traballo de todas as persoas que o fixeron posible. Quere destacar que dende que entrou en vigor dito documento estanse a observar resultados moi positivos, pero aínda faltaban cousas para que os resultados sexan máis satisfactorios, e, ao ser un documento vivo, os sindicatos traballaron para elaborar unha modificación que resolva todos aqueles problemas que a RPT inicial non resolvía, porque lembra que a súa aprobación derivou dunha sentenza xudicial que había que cumprir estritamente e co compromiso de que se aprobaría canto antes unha modificación que resolvera todas as deficiencias existentes neste documento. Polo dito, considera que se fixo ben, que a xestión foi boa e que a estratexia seguida foi a idónea, sempre da man dos sindicatos de CC.OO e CSIF, resultado diso é o documento da RPT en vigor e que están producindo efectos económicos favorables para todo o noso persoal traballador. Aclara que se estas modificacións a tratar hoxe aquí se introduciran no primeiro documento se poría en risco a súa validez porque, como dixo antes, había que cumprir expresamente os termos da sentenza, por iso se aprobou co compromiso de aprobar posteriormente as modificacións, ademais de existir un compromiso cos sindicatos que esa modificación, independentemente da data de entrada en vigor, tería efectos dende o 1 de xaneiro de 2022 co correspondente pagamento de atrasos a cada un dos traballadores e traballadoras, algo que xa está contemplado no Orzamento do ano actual.

Sinala que chegar a este documento foi un proceso moi longo e trabaloso, e grazas aos erros cometidos e a unidade en momento difíciles estamos hoxe ante un documento que nos da seguridade xurídica e no que teñen parte de responsabilidade o grupo de goberno, os sindicatos e tamén o persoal traballador, estes últimos que deberán de ser responsables, sensíbeis e sensatos á hora de adoptar decisións que poden prexudicar á maioría.

Espera que, unha vez aprobada esta modificación da RPT e resolto un proceso xudicial que está pendente, podamos esquecernos deste longo proceso e ter un documento regulador da relación de postos de traballos que nos dea seguridade e que se traduce nunha satisfacción para esta corporación e todas aquelas persoas implicadas na súa elaboración e modificación, ademais de satisfacer a unha inmensa maioría da nosa plantilla de persoal.

Non habendo máis intervencións procédese á votación deste asunto, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e a abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte ACORDO:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 17/06/2022, en relación co asunto que se trata a continuación

Visto o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 3 de febreiro de 2022, mediante o que se aproba a primeira modificación da vixente Relación de Postos de Traballo.

Vistas as alegacións presentadas polos seguintes traballadores:

- José Luis Rey García en calidade de Secretario General da Sección Sindical da FeSP-UGT Servicios Públicos.
- Marcos Cardelle Espasandín
- Javier Cortizo Couselo
- Pablo Silva Villar
- Manuel Ángel Silva Rodríguez



- Pedro Abal López
- Simón Brandón Antelo
- José Enrique Loureiro Carbón
- José Luis Rey García
- Raúl Castro Bernárdez
- Javier García Calvo
- José López Louro
- Santiago Campos Villaverde
- Ventura A. García Rosende
- Estéfano García Novo
- Francisco Quintero Torres
- Roberto Rodríguez Chao
- José Antonio Álvarez Vázquez
- Manuela Dolores Corral Martínez
- Ángeles Navia Vega
- Luis Magariños Carbia
- María Isabel Domínguez Rodríguez
- Mónica Cardona Constenla
- Rogelio Antonio Carrera Ares
- José Luis Cerviño López
- Olatz del Amo Serna
- Aurelio Fernández Bascuas
- Patricia López Mato
- Ana María López Neira
- Sonia Magariños Carbia
- María Josefa Martínez Barros
- Rosa María Montero Vecino
- Mónica Neira Mato
- Gisela Rey Baltar
- José Carlos Regengo Maceira
- Diego Pernas Fernández
- Francisco Javier Paz Vidal
- Daniel Órrea Corral
- Ana María Villar Andújar
- Henrique Vázquez Pernas
- Paula Yebra Rovira

Visto o Decreto nº 2022-0436, de 4 de abril, polo que se adjudica á empresa Consultoría Integral de la Empresa y el Municipio, S.L. o contrato do servizo “Asistencia letrada para a elaboración de informe de alegacións á aprobación inicial da RPT”.

Visto o informe xurídico técnico sobre o contido das alegacións presentadas, emitido con data 03/05/2022 polo letrado D. Eduardo de Linares Galindo, da empresa Consultoría Integral de la Empresa y el Municipio, S.L.

Visto o tratado na Mesa de Negociación celebrada o día 19 de maio de 2022.

Visto o informe de Secretaría de data 21 de xuño de 2022.

Visto o informe da Intervención Municipal, asinado con data 21 de xuño de 2022.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión celebrada o 30/06/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:



Primeiro.- Desestimar as alegacións que se relacionan a continuación, polos motivos expostos no informe xurídico técnico elaborado polo Letrado D. Eduardo de Linares Galindo, que se incorpora como parte deste ditame, así como tendo en conta as seguintes consideracións:

No que se refire ao factor de incompatibilidade, corresponde ao Concello, na súa potestade de auto organización, a súa estimación/desestimación. Alégase por parte de varios funcionarios membros da Policía Local que *“teniendo en cuenta que los efectivos de la Policía Local de A Estrada mientras se encuentren en activo les resulta prácticamente imposible compatibilizar el desempeño de sus funciones con otro puesto de trabajo, donde su imparcialidad debe ser sostenida por encima de otras cuestiones, no así como otros puestos, es por lo que considero que dicha situación debe ser recompensada a los efectivos policiales con la aplicación del Grado 2 en el Factor Incompatibilidad que se valora con 100 puntos en lugar de 10”*.

Á vista da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, pódese entender que os membros da Policía Local están suxeitos a unha incompatibilidade xenérica (como a maioría do persoal municipal), sendo posible concederlles compatibilidade para certas actividades, como así aconteceu dentro da propia plantilla municipal, por exemplo, mediante acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 8 de marzo de 2002.

Tamén se alega a aplicación deste factor en Grado 2 por parte de D. Rogelio A. Carrera Ares e Dna. Mónica Neira Mato. A estimación/desestimación da aplicación deste factor debe de estar motivada na posibilidade/imposibilidade de que o posto ocupado sexa susceptible ou non de desfrutar dunha compatibilidade dentro dos parámetros que fixa a normativa en vigor. No caso concreto dos alegantes non existe impedimento para que os seus postos poidan desfrutar dunha compatibilidade (coas limitacións impostas pola citada Lei), polo que non procede recoñecer o Grado 2 de Incompatibilidade.

Polo que respecta á alegación presentada por D. Aurelio Fernández Bascuas non procede estimar a mesma, toda vez que a aplicación da ponderación sobre 1250 puntos ou 1500 puntos provén dun acordo da Mesa de Negociación, que afecta unicamente aos Grupos A1, A2 e Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional, no caso do persoal funcionario, e aos Grupos I e II do persoal laboral.

Alegacións desestimadas:

- José Luis Rey García en calidade de Secretario General da Sección Sindical da FeSP-UGT Servicios Públicos.
- Marcos Cardelle Espasandín
- Javier Cortizo Couselo
- Pablo Silva Villar
- Manuel Ángel Silva Rodríguez
- Pedro Abal López
- Simón Brandón Antelo
- José Enrique Loureiro Carbón
- José Luis Rey García
- Raúl Castro Bernárdez
- Javier García Calvo
- José López Louro
- Santiago Campos Villaverde



- Ventura A. García Rosende
- Estéfano García Novo
- Francisco Quintero Torres
- Roberto Rodríguez Chao
- José Antonio Alvarez Vázquez
- Ángeles Navia Vega
- Luis Magariños Carbia
- María Isabel Domínguez Rodríguez
- Mónica Cardona Constenla
- Rogelio Antonio Carrera Ares
- Olatz del Amo Serna
- Aurelio Fernández Bascuas
- Patricia López Mato
- Ana María López Neira
- Francisco Javier Paz Vidal
- Henrique Vázquez Pernas

Segundo.- Estimar as alegacións que se relacionan a continuación, polos motivos expostos no informe elaborado polo Letrado D. Eduardo de Linares Galindo, que se incorpora como parte desta proposta:

- José Luis Cerviño López (código posto: 00.02.00.01)
- José Carlos Regengo Maceira (código posto: 07.06.00.07)

Terceiro.- Estimar parcialmente as alegacións que se relacionan a continuación, polos motivos expostos no informe elaborado polo Letrado D. Eduardo de Linares Galindo, así como polas argumentacións que se indican en cada caso:

Manuela Dolores Corral Martínez (código posto 06.01.00.01):

Estimar o recoñecemento da necesidade de contar cun Coordinador do Departamento de Servizos Sociais. O artigo 34 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento, dispón que *“en todos os equipos, con independencia do tipo de que se trate, o titular do órgano competente da corporación local nomeará unha persoa coordinadora”*. Polo tanto, acéptase que polo titular do órgano competente da corporación local se nomee unha persoa coordinadora entre o persoal adscrito ao Departamento. A retribución será a través dun complemento de responsabilidade pola mesma contía que se lle fixou a outros traballadores a través de sentenza xudicial.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Sonia Magariños Carbia (código posto: 02.01.00.01):

Estimar o recoñecemento do grao 4 no factor 4 *“Responsabilidade polo manexo de diñeiro ou realización de anotacións contables”* tal e como se indica no informe da consultora.

Desestimar o resto do contido da alegación.

María Josefa Martínez Barros (código posto: 01.02.00.01):

Estimar a actualización de funcións, xa que, tal e como indica a alegante no seu escrito *“as funcións que figuran relacionadas ao posto de Administrativo destinado á unidade de contratación do departamento de Secretaría non se axustan á realidade pois figuran certas funcións que dende que se está traballando con Gestiona xa non se tramitan do xeito que figura especificado no documento da RPT, e por outra banda hai novas funcións que este posto está a desenvolver*



debido á administración electrónica e a tramitación dos expedientes de contratación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e outras plataformas, o que require unha especialización e dificultade añadida a este posto”.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Rosa María Montero Vecino (código posto: 06.04.00.01):

Estimar o recoñecemento do grao 4 no factor 3 e 3B. “Responsabilidade polos resultados outras persoas”, pois estímase que se debe aceptar a alegación debido a que o equipo da Escola Infantil Municipal está integrado por 15 persoas.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Mónica Neira Mato (código posto: 05.01.00.01):

Estimar o recoñecemento do grao 2 do factor 11 Adicación por entender que a xornada de traballo pode abarcar, ocasionalmente, un horario máis amplo, e estimar o recoñecemento do grao 2 no factor 3 e 3B Responsabilidade polos resultados doutras persoas.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Gisela Rey Baltar (código posto: 01.03.00.01):

Estimar a actualización de funcións, xa que, tal e como indica a alegante no seu escrito *“con respecto ás funcións reseñadas na Relación de Postos de Traballo, recóllese o traslado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local e Pleno, o que no se debía incluír xa que, en aplicación do disposto na Lei 40/1995, os traslados ou notificacións dos acordos deberán facerse polo responsable da tramitación do respectivo expediente, polo que tan só procedería á emisión do correspondente certificación do acordo.*

Por outra banda, non se recolle o control e tramitación dos expedientes de TAXIS, así como as súas tramitacións na Plataforma R-TAXIS; o que se inclúe erroneamente como unha función do Administrativo do mesmo departamento de Secretaría.

Así mesmo, omítese as funcións de manexo das plataformas de EIDOLocal e do PORTAL DAS ENTIDADES LOCAIS do Estado.

Tamén, omítese a función de comprobación e validación dos Decretos da Alcaldía emitidos por todos os departamentos municipais.

Omítese, así mesmo, a responsabilidade de ser Secretaria das Comisións Informativas de Benestar Social, Igualdade e Educación, Cultura e Deportes e Promoción Económica.

Por último, non se fai referencia á función de inicio de expedientes de Responsabilidade Patrimonial e o seu seguemento”.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Diego Pernas Fernández (código posto 00.05.00.02):

Estimar o recoñecemento do grao 4 do factor 10 Especial Dificultade Técnica polos motivos expostos no informe do Letrado contratado polo Concello.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Daniel Órrea Corral (código posto: 05.01.00.05):

Estimar o recoñecemento do grao 5 do factor 11 adicación por canto o ocupante do posto ten completa dispoñibilidade horario por mor do servizo (dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, etc.).

Estimar o recoñecemento do grao 5 do factor 3 e 3B responsabilidade polos resultados doutras persoas, xa que, tendo en conta o alto número de obras municipais que se levan a cabo dun xeito continuo, o ocupante do posto ten responsabilidade do traballo realizado por todas as empresas contratistas



municipais.

Estimar o recoñecemento do grao 5 do factor 7 xefatura/mando, xa que o ocupante do posto ten responsabilidade sobre un grupo de máis de 5 subordinados que realizan tarefas complexas e que precisan frecuente supervisión (dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, etc.).

Estimar o recoñecemento do grao 4 do factor 8 complexidade territorial por canto as actividades do posto precisan desprazamentos habituais pola meirande parte do concello. Como non pode ser doutro xeito, as obras que se realizan no Concello abarcan todo o termo municipal.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Ana María Villar Andújar (código posto: 05.03.01.13):

Estimar o recoñecemento das funcións do posto por canto existe a sentenza nº 397/2018, do 19 de decembro do Xulgado do Social número 2 de Pontevedra que recolle as mesmas.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Paula Yebra Rovira (código postos: 00.03.00.01, 01.01.00.01, 01.02.00.01, 01.05.00.01, 02.03.00.01, 03.03.00.01, 05.01.00.01, 07.04.00.01, 03.02.00.01, 03.02.00.02 e 02.00.00.03):

Estimar a corrección do erro existente en varias fichas.

Desestimar o resto do contido da alegación.

Cuarto.- Modificar a Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada, modificación aprobada inicialmente por acordo do Pleno en sesión celebrada o día 3 de febreiro de 2022, recollendo as alegacións estimadas nos puntos segundo e terceiro desta proposta.

Quinto.- Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada, de acordo cos antecedentes obrantes no expediente e recollidos no documento que se achega coa proposta así como os termos estimados das alegacións presentadas.

Sexto.- Remitir copia do acordo adoptado aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publica integramente a Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

De conformidade co artigo 38 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, este acordo producirá efectos a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Expediente 3678/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE PROPOSTA DE DEIXAR SEN EFECTO A APLICACIÓN AO PERSOAL LABORAL DO CONVENIO COLECTIVO DA XUNTA DE GALICIA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto M Blanco Carracedo**, quen informa que, polo Pleno do 08/05/1998 se aprobou que todo o



persoal laboral deste Concello que non se rexa por algún Convenio especial, se lle aplique os capítulos VI, VII e o VIII (este último salvo no que se refire ao salario base que será fixado no correspondente contrato de cada laboral) do Convenio da Xunta e do Concello da Estrada aprobado no ano 1996, e trienios que se axustarán na súa contía ao dos grupos de funcionarios. Trala aprobación da Relación de Postos de Traballo e da súa modificación, o persoal laboral tamén está contemplado e regulado a nivel económico e estrutural, polo tanto procede deixar sen efecto o acordo plenario de de 8 de maio de 1998 porque, de non ser así, xurdiría un novo desequilibrio que daría lugar a novos procedementos xudiciais.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar o voto a favor do seu grupo á aprobación desta proposta, por considerar obvio que exista un só réxime que regule as relacións laborais dos traballadores municipais e evitar desequilibrios salariais e de funcións entre o persoal funcionario e laboral.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que o seu grupo votará a favor desta proposta.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que lle parece xusta esta proposta e medida a tomar, polo que votará a favor.

Non habendo máis intervencións, procédese a votar esta proposta, adoptándose, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 21/06/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 8 de maio de 1998 que literalmente transcrito di:

“Dáse conta á Comisión de Persoal da proposta do Concelleiro Delegado de Persoal Sr. Somoza Carbón que copiada literalmente di:

“Que do persoal laboral deste Concello algúns teñen no seu contrato a cláusula de que se rexerán en todo o non disposto no mesmo polo Convenio da Xunta de Galicia.

Sen embargo outros laborais non teñen posta esta cláusula polo que se produce unha discriminación entre este persoal, xa que ós primeiros abóanselles trienios mentres que ós segundos non.

Por iso propónse toma-lo acordo de que a todo o persoal laboral deste Concello que non se rexa por algún Convenio especial, se lle aplique mentres non se aprobe un Convenio no Concello, o capítulo VI, VII e o VIII, este último salvo no que se refire ó salario base que será fixado no correspondente contrato de cada laboral e trienios que se axustarán na súa contía ó dos grupos de funcionarios”.

A Comisión de Persoal acorda por unanimidade propoñer ó Pleno a aprobación da anterior proposta tal e como se atopa redactada”.

Vista a vixente Relación de Postos de Traballo deste Concello que di:

“Mediante a presente Relación de Postos de Traballo tratarase de homoxeneizar a estrutura salarial de todo o persoal laboral. Para elo o salario desglósase en salario base, Complemento I e Complemento II. Dentro de



estos dous complementos atópanse incluídos todos os complementos que puidesen existir na actualidade (complemento de funcións, nocturnidade, perigosidade, etc.), por ser conceptos que se tiveron en conta para a obtención da puntuación final de cada posto”.

Visto que, de seguir aplicando o Convenio Colectivo da Xunta de Galicia, estaríanse duplicando algúns complementos salariais, o que daría lugar a diferencias salariais entre o persoal laboral e o persoal funcionario.

Visto o tratado nas Mesas de Negociación celebradas os días 7 e 13 de xuño de 2022

Vista a reunión co Comité de Empresa mantida o día 13 de xuño de 2022.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión celebrada o 30/06/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 8 de maio de 1998 (punto 6º da orde do día), toda vez que o fin pretendido co mesmo atópase recollido na vixente Relación de Postos de Traballo.

Antes de pasar ao apartado de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos quere presentar algunha moción de urxencia.

Non habendo, procédese a continuar coa orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE MAIO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de maio de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0635 ao número 2022-0704, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2022 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 30 de xuño de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0705 ao número 2022-0915, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



C) ROGOS E PREGUNTAS

Comeza intervindo o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quen, en relación coa reforma da Praza da Feira, pregunta se foi consultada cos técnicos municipais a busca dalgunha solución aos problemas que está a provocar o firme da mesma.

O **Sr. Alcalde** lle responde que o técnico municipal está, xunto co redactor do proxecto e a empresa adxudicataria, observando o comportamento do firme e, á vista deste, estudar que medidas se deben de tomar, sobre todo cando chova.

Continúa o **Sr. López Bueno** para dicir que, á vista que dito firme está a provocar problemas cos feirantes, prega que o concelleiro responsable se preocupen por estes problemas e lles dea unha solución, porque, aínda que o solo estea seco, teñen serios problemas á hora de expoñer a súa mercancía polo pó que se levanta e lle estraga o xénero.

Traslada a solicitude do CEIP de Codeseda para que se revise a instalación eléctrica das súas instalacións, existindo xa un compromiso da Concelleira de Educación para esta tarefa do ano 2019.

Ante a inexplicable decisión do grupo de goberno de non solicitar este ano o Obradoiro de Emprego, pregunta o por que desta decisión.

O **Sr. Alcalde** contesta a esta última pregunta que, a día de hoxe, se está executando un Obradoiro de Emprego de 9 meses e que remata no próximo mes de agosto coa reforma integral da Praia de Fluvial. Considera que tanto os Obradoiros de Emprego como os Plans Integrais de Emprego son moi importantes e interesantes, e estase a valorar co departamento de emprego cales son as medidas máis axeitadas.

Así mesmo lembra que A Estrada están nestes momentos nas cifras máis baixas de desemprego da súa historia e as actuacións que se están a acometer en coordinación co INEM provoca moita dificultades á hora de atopar os perfís adecuados a este tipo de proxectos, como é o caso dos Obradoiros, porque, ao fin e ao cabo, o que busca é dar unha oportunidade para mellorar a formación das persoas que participan, pero moi poucas persoas se axustan a este perfil e supón unha dificultade para acadar persoas que opten a eses ciclos formativos; ante iso se están a estudar cales son as mellores ferramentas e posibilidades segundo a realidade actual do mercado laboral do noso concello.

O **Sr. López Bueno** lle recomenda que fale cos técnicos municipais e lembra que non é o único Obradoiro de Emprego que perden por non solicitalo, e quere avisar que aínda hai oitocentos e pico desempregados no noso municipio e que poden ser merecedores deste tipo de ferramentas financiadas pola Xunta de Galicia.

O **Sr. Alcalde** puntualiza que non dixo que os actuais desempregados deste concello non foran merecedores dun proxecto deste tipo, senón que o mercado laboral nestes momentos non se adaptaba a este tipo de proxectos, polo que había que estudar outras fórmulas e outros proxectos máis adecuados. Así mesmo quere lembrar que o actual grupo de goberno xestionou 9 Obradoiros de Emprego, o que deixa constancia de que o grupo de goberno sabe moi ben os prazos e cando pedilos, pero outra cousa é adaptarse á realidade de cada momento e ás necesidades da nosa poboación, habendo outro tipo de proxectos a día de hoxe que quizais son máis axeitados, o que se está valorar, porque, ao contrario do que di o voceiro socialista, os obradoiros non son financiados ao cento por cen pola Xunta de Galicia, supoñendo un custo importante para as arcas municipais.



Pide intervir o concelleiro do grupo do Partido Socialista **D. Luis Rendo Araujo**, para reiterar a reclamación do CEIP de Oca de sinalización da localización deste centro nas vías públicas e, aínda que sabe a situación difícil para levala a cabo, prega que se sinale na N-525 e tamén na estrada provincial.

O **Sr. Alcalde** lembra da existencia dun problema para efectuar a sinalización no rural, porque non se trata tan só do CEIP de Oca senón de todas as infraestruturas existentes en todo o rural estradense, igual de importantes. Lembra tamén o dito noutras sesións plenarias de que existe un proxecto de sinalización no rural aprobado dentro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, estando pendente de recibir as autorizacións da Xunta de Galicia e de Fomento para a instalación desas sinalizacións nas vías autonómicas e nacionais, sendo isto a causa de que se atrase o inicio do procedemento de licitación.

Polo anterior, considera que non ten sentido pedir agora unha autorización individual á Deputación e a Fomento para tan só sinalizar o CEIP de Oca, cando xa hai unha solicitude para todos os viais do noso territorio; espera que pronto cheguen esas autorizacións despois de avisarlles a eses organismos varias veces da necesidade de que as remitan canto antes.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir, en primeiro lugar, que espera que Fomento non tarde tanto en dar autorización como tardou este Concello en elaborar o proxecto (6 ou 7 anos). En canto á publicación o 7 de xullo pasado dun informe da Valedora do Pobo, onde se recomendaba ao Concello da Estrada a impulsar a limpeza da maleza para evitar un perigo que denunciaba un veciño, quere dicir que estamos ante un problema que afecta a moitos veciños e veciñas estradenses, preguntando como está o trámite administrativo para instar ás persoas propietarias da parcela da Avda da Torre para que procedan á súa limpeza e desbroce.

Responde o **Sr. Alcalde** que o 1 de xuño remitiuse o anuncio ao DOGA para a súa publicación, así como ao BOE; o 14 de xuño publicouse no DOGA e no BOE aínda non, sendo esta última publicación a que abre o prazo de 15 días para a súa notificación, co fin de proceder á multa coercitiva e execución subsidiaria, previa autorización xudicial. Lembra que no Rexistro da Propiedade non aparece ningún propietario recoñecido e no Catastro aparece como propietario descoñecido, todo elo nos levou a efectuar a notificación por medio dos boletíns oficiais sinalados. Tamén quere informar que se lle pediu informe á Policía Local, a cal informa que, consultados aos veciños, estes din que dita leira pertence aos herdeiros de Guillermina Campos Paseiro, enviándose a estes un requirimento e que foi recibido na semana do 22 de xuño, polo que teñen 15 días dende a súa recepción para presentar alegacións ou contestación.

A **Sra. Blanco Casais** di que, en relación a este tema, na acta da sesión plenaria de maio, cando interveu a Sra. Balbina Martínez Ramallal, consta que o Sr. Alcalde dixo que non podía permitir intervencións que non sexan rogos ou preguntas e que tan só pretenden crear polémica ou proferir insultos, ante iso considera que esa manifestación foi excesiva, porque a Sra. Balbina non pretendeu en ningún momento crear polémica nin insultar a ninguén, tan só quería manifestar a súa preocupación ante a situación na que se atopa pola falta de desbroce desta finca da Avda da Torre, polo que considera que non debería haberse recollido na acta, así mesmo pide que conste nesta acta esta manifestación.

Continúa trasladando as queixas dalgúns peregrinos que fixeron os camiños da Santiago que pasan por noso concello polo mal estado no que se atopan, sobre todo pola maleza que os invaden, polo que prega que se procedan ao seu adecentamento.

Así mesmo prega que se se mellore a imaxe da carballeira de Codeseda, sobre



todo buscar unha solución aos contedores de lixo que alí se atopen, dándolles outra aparencia (cubrindoos con láminas de madeira, por exemplo), ao igual que noutros lugares.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para preguntar, en primeiro lugar, o motivo do cheiro terrible a sumidoiros e fecais que había na Praza da Feira días atrás.

Aclara o **Sr. Alcalde** que non foi unha cuestión de sumidoiros, senón que era o pavimento que alí se instalou, é dicir, os materiais utilizados para compactar o pavimento provocaban ese olor e que se vai co paso dos días.

Continúa a **Sra. Camba Castro** informando que os contedores de lixo instalados na rúa San Antón dificultan a visibilidade aos peóns á hora de cruzar a calzada, polo que prega que se proceda á súa colocación noutro punto e que non supoña un perigo para os peóns e para os vehículos.

O **Sr. Alcalde** informa que eses contedores de lixo xa foron asentados en varios lugares debido a varias reclamacións, buscándose un sitio onde non houbera edificacións, polo que houbo que colocalos enriba da beirarrúa. Proximamente, cando se execute o arranxo desta rúa buscarase unha localización para os contedores que sexa razoable; nestes momentos non hai outro lugar onde colocalos e que sexa de conformidade con todos os veciños desta zona.

A **Sra. Camba Castro** di que na Praza da Feira (diante de Avícola Gema) hai un pequeno desnivel e que provocou a caída dun par de persoas, aínda que é certo que cruzaron a rúa indebidamente, polo que roga que sexa colocada algún tipo de sinalización que resalte a advirta dese desnivel.

Pregunta se se pensa elaborar un plan de desbroces que manteñan limpas as cunetas no noso rural, en non só cando vaian a ser as festas de cada parroquia, así como no casco urbano, neste caso di que ao final da rúa Pérez Viondi hai maleza que cubre practicamente toda a beirarrúa. En caso de que non exista ou se prevea facer ese plan de desbroce, prega que se faga.

O **Sr. Alcalde** lle informa que existe un plan de desbroce, do que é coñecedora, para o período de xuño a setembro, onde se ten que desbrozar máis de 1.200 quilómetros de carreiras, polo que non é unha cuestión de planificación, senón de medios; no resto do ano o desbroce límtase aos traballos noutras estradas e que supoñen outros mil quilómetros de pistas de parcelaria, forestais, etc. É sabedor que estes traballos nunca son suficientes, sobre todo en determinados meses en que a maleza crece máis rapidamente.

Tamén quere resaltar que o fondo da rúa Pérez Viondi é de titularidade provincial, polo que esa limpeza correspondería á Deputación de Pontevedra, polo que sería ben que eles colaboraran e manteñan limpas as súas estradas.

A **Sra. Camba Castro** lle pide que se limpe a pista que vai a Torreboreda e que non é de titularidade da Deputación, senón municipal, a cal se atopa en algúns tramos totalmente invadida pola maleza dificultando a circulación por ela.

O **Sr. Alcalde** cre que non está moi lonxe a planificación do desbroce nesta parroquia, porque o que non se pode facer é mover un tractor que se atopa traballando nunha parroquia para que desbroce unha pista doutra parroquia en concreto, senón que hai que intentar levar a cabo a planificación dunha forma ordenada.

A **Sra. Camba Castro** considera que os criterios son tomados un pouco ao louco, porque entende que non se poda mover un tractor de xeito aleatorio e caprichoso,



pero o caso é que sempre estamos reincidindo nas mesmas pistas, como se estiveran esquecidas e non entraran dentro do plan.

O **Sr. Alcalde** di que todas as pistas están contempladas grazas as información que ao longo dos anos dan os veciños, e a de Torreboreda dende logo que si está integrada no plan.

Para finalizar, a **Sra. Camba Castro** reitera novamente que se fixe unha cita para visitar o museo e ver como está, crendo que quizais deberá de pedilo a través do teléfono facilitado para citas, xa que despois de requirir esa visita reiteradamente en varias sesións plenarias nunca se lle concede.

O **Sr. Alcalde** lle responde que se intentará no menor tempo posible.

A **Sra. Camba Castro** manifesta o seu pesar que se estea deixando podreecer, lembrando que o que contén este museo non é só de propiedade municipal, senón que hai cousas cedidas en préstamo por moitas persoas; ademais, o abandono destas pezas vai en detrimento dos fondos económico do Padroado, polo que espera que o grupo de goberno saiba o que están a facer.

Reitera o **Sr. Alcalde** que se lle trasladará unha data para esa visita.

Non habendo máis intervencións e antes de pechar esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público presente se queren formular algunha pregunta ou rogo, en cumprimento do sinalado polo Regulamento de Participación Cidadá.

Pide a palabra a **Sra. Balbina Martínez Ramalla** (DNI: [REDACTED]) para que, en relación ao insulto, xa falou a concelleira Blanco Casais, pero pide que se rectifique a acta da sesión de maio. En canto á parcela que necesita limpeza na Avda da Torre, di que nas súas escrituras figura que é de Olivia e non Guillermina como se dixo; tamén di que si para proceder a limpaza desta finca o Concello necesita un permiso xudicial e, previamente, saír no DOGA e no BOE, entón quere saber como entraron para limpar eses dous metros e pico de ancho por detrás das casas, xa que se o fixeron sen permiso do xulgado, entón poden limpar o resto tamén.

O **Sr. Alcalde** di que para modificarse un acta ten que solicitalo alguén da corporación e someterse a votación, e a concelleira Blanco Casais expuxo unha cuestión pedindo que conste en acta e así sería, pero o Regulamento de Participación Cidadá non outorga a competencia aos cidadáns para que soliciten a modificación dunha acta ou a retirada de asuntos da orde do día.

En canto á parcela da Avda da Torre, aclara que el non dixo que fora de propiedade de Guillermina Campos Paseiro, senón que dixo que era dos seus herdeiros, segundo aportación dos veciños ao abeiro das investigacións da Policía Local, porque no Rexistro da Propiedade e no Catastro non figuran ningún titular; segundo estas investigacións enviouse requirimento aos herdeiros para que procedesen á limpeza de dita leira, contando cun prazo de 15 días para facelo, pero, a parte diso, enviouse tamén requirimento a través do DOGA e BOE, como requisito necesario antes da execución subsidiaria e a imposición de multas coercitivas, sendo este o procedemento legal que se debe e se está a facer co fin de acadar unha solución. Lembra que esta explicación xa se deu en sesións plenarias anteriores, comunicando que era unha vía lenta e nada fácil, pero que nos dará seguridade para anos seguintes.





Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión.

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.
De todo o anterior faise cumprimento.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: GG2GLNJFGMHMF>XALTCXQSC6M | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 16